



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 6 de agosto de 2025, ás 19:31 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria

ASISTENTES:

Presidente

José Manuel Mato Martínez

Concelleiras/os:

Partido Popular (PP)

María Josefa Álvarez Bugallo

Constantino Fernández Vila

José Luis Pena Romay (incorporouse ás 19:54 h)

Partido PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido

Noelia María Varela Suárez

José Manuel Nuñel Costa

Consuelo Martínez Lema

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado

Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Bloque Nacionalista Galego

Fátima Rodríguez González

APIN-ESCO

José Manuel Pose Verdes

Secretaria: Antía Pena Dorado

Interventora: María Emilia García Maneiro

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Parte resolutiva

1.1 Aprobación da acta da sesión ordinaria do 9 de xuño de 2025



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O presidente pregunta se algunha/algún membro do Pleno que está presente quere formular algunha observación.

Non hai observacións

As/os membros do Pleno que están presentes aproban a acta da sesión ordinaria do 9 de xuño de 2025 por unanimidade.

1.2 Expediente 2025/G006/000059. Aprobación definitiva do proxecto e expediente de expropiación CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO

A secretaria dá conta do contido do ditame

“PROPOSTA DE DITAME. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE OBRA E DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA “CAMIÑO AGRICOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO” PERTECENTE AO POS+ADICIONAL 2/2024.

1.-A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 24/11/2023 e publicado no BOP número 227 do 28 de novembro de 2023.

2.- O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 07/02/2024, acordou participar no dito Plan.

3.- A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024 para regular o POS+ADICIONAL 2/2024, mediante acordo plenario de data 31/05/2024.

4.- O pleno do Concello de Ponteceso en sesión extraordinaria do 12.08.2024 aprobou participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos); POS+ ADICIONAL 2/2024 da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía o proxecto de CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de xullo de 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €.

5.- Requerimento da Deputación provincial da Coruña respecto do proxecto presentado por non adecuarse a estrutura ao establecido na base 13.4.2 en relación coa obrigatoriedade de adaptarse á estrutura que figura na base 5.B.2.1

6.- O Pleno da Deputación provincial da Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, no que se inclúe o proxecto de obra “ Camiño agrícola entre brantuas de arriba e



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

brantuas de abaixo” de forma condicionada a presentación de todas as autorizacións sectoriais e o modificado do mesmo e acreditación da dispoñibilidade dos terreos.

7.- Novo proxecto de obras e de expropiación por taxación conxunta para o CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de en decembro 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €.

8.- Informe do técnico municipal do 18.02.2025 no que se indica que o proxecto de obras e de expropiación é apto urbanísticamente, xustifica a súa non división en lotes, manifesta a súa conformidade con valoración que consta no proxecto de expropiación e indica que o proxecto consta con todas as autorizacións sectoriais preceptivas, sendo as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Departamento Territorial da Coruña, Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Xunta de Galicia. EXPEDIENTE: 2550/24.
- Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial de A Coruña. EXPEDIENTE: 2024000029091.
- Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia. Ref: 2024/ 2235256.
- Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia. Clave: DH.W15.103138.

9.RC de intervención de 13.03.2025

10.- Informe da secretaría municipal do 14.03.2025.

11.- Acordo plenario do 24.03.2025 de aprobación inicial do proxecto de obra e de expropiación “CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO. CONCELLO DE PONTECESO”.O acordo plenario foi publicado no BOE núm. 82 de data 04-04-2025 e no DOG núm. 78 do 24-04-2025, someténdose a información pública polo prazo dun mes (a contar a partir do día seguinte ao da publicación no DOG) a relación de bens e dereitos afectados pola execución das obras, para que os interesados poidan formular as alegacións que consideren oportunas.

Do mesmo xeito o 10-04-2025 publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica o anexo nº 9 “Expropiacións e dispoñibilidade dos terreos”, no que se delimitan as distintas zonas de ocupación de propiedades particulares necesarias para a execución das actuacións previstas no proxecto “CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO. CONCELLO DE PONTECESO”

12.- Practicouse notificacións individualizadas a todas aquelas persoas que constan como titulares de bens e dereitos afectados por esta expropiación, segundo consta nos acuses de recibo que forman parte do expediente.

13.- Certificado de secretaría do 16.06.2025 no que se indica que non constan alegacións presentadas.

Os terreos a expropiar garantizan a execución das obras do POS +adicional 2/2024 que leva por



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

título Camiño agrícola entre Brantuas de Arriba e Brantuas de Abaixo .Os terreos necesarios para a execución do investimento sitúanse principalmente dentro dos actuais viais pertencentes ao sistema local da rede viaria municipal. Porén, para a execución das obras é necesario contar con algunhas das propiedades situadas a ámbolos lados do camiño ao longo do seu traxecto, fora do trazado da pista pública, polo que deberá obterse a cesión e dispoñibilidade destes.

De conformidade co sinalado nos art. 4.1 d) da lei 7/985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, 90 e 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, 10 e seguintes daei de expropiación forzosa e os concordantes do regulamento, .e, conforme ao art. 3.4 do Regulamento de Expropiación Forzosa, así como os artigos 117 a 119 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os artigos 290 a 293 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno, previo ditame da comisión informativa

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de obra e de expropiación polo procedemento de taxación conxunta denominado CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de en decembro 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €, que de conformidade co artigo 118 da LSG que implicaráa declaración de urxencia para a ocupación dos bens e dereitos afectados.

SEGUNDO.- Notifica- acordo aos interesados titulares de bens e dereitos que figuran no expediente, conferíndolles un prazo de vinte días, durante os que poderán manifestar por escrito a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. Sen prexuízo do anterior, advírtese aos interesados de que nos quince días seguintes á recepción da notificación do presente acordo poderán propoñer a adquisición dos bens obxecto do presente expediente, libremente e por mutuo acordo co Concello de Ponteceso, de conformidade co art. 24 da Lei de Expropiación Forzosa.

TERCEIRO.- Entender aceptada a valoración e determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade se os interesados non formularon oposición no prazo de vinte días sinalado.

CUARTO. Publicar o presente acordo no B.O.P. e no D.O.G. co fin de que xurda os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións pública, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación.

QUINTO- Poñer novamente de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto de casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos prezos xustos das fincas.

SEXTO.- Notificar o presente acordo ao Ministerio Fiscal aos efectos do art. 5 da Lei de Expropiación Forzosa en relación coas fincas das que os titulares non compareceran no expediente, estiveran incapacitados e sen titor ou persoa que os represente, ou fora unha propiedade litixiosa.

SÉTIMO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez

Documento asinado electrónicamente ao marxe.”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 1 de agosto de 2025

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 3 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

1.3 Expediente 2025/G006/000059. Proposta da Alcaldía para aprobación dos festivos locais para o ano 2026

A secretaria dá conta do contido do ditame:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Asunto: FESTIVOS LOCAIS 2026. (EXP. 2025/G006/000059)

Logo de ver a comunicación enviada pola xefatura do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, recibida o 26-06-2025 (R.E. núm. 202590000000480), sobre a determinación do calendario laboral para o ano 2026 e na que nos solicitan que antes do próximo 1 de setembro se determinen os dous días que para todo o termo municipal se fixen como festas locais.

En cumprimento do disposto nos artigos 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 46 do Real



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, deberanse propoñer dous festivos locais en cada municipio para cada ano natural, polo que, con respecto ao 2026, se eleva ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios para o Pleno, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: Propoñer ao Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia os festivos locais no Concello de Ponteceso para o ano 2026, que serán os seguintes: 8 de setembro (O Faro) e 14 de setembro (A Barquiña) de 2026.

Segundo: Remitir este acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia aos efectos establecidos no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores o no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos.”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 1 de agosto de 2025

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG) e unha abstencións de APIN-ESCO.

1.4 Expediente 2025/G006/000060. Proposta da Alcaldía para o Pleno de aprobación do POS+ADICIONAL 2/2025

A secretaria dá conta do contido do ditame

1. “PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O PLENO

2. PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS). (2ª FASE DO POS+ADICIONAL 2/2025)

A Deputación Provincial da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, mediante acordo plenario de data 29/11/2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 05/02/2025, acordou participar no dito Plan.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, mediante acordo plenario de data 30/05/2025.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025 para regular o POS+ADICIONAL 2/2025, mediante acordo plenario de data 30/05/2025. O importe da achega provincial asignada a este concello ascende a 294.738,97 €.

Na 2ª fase incluíranse os novos investimentos financeiramente sostíbeis que o concello desexa financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2025.

Consta o proxecto da obra ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE XORNES: CAMIÑO EN FROXÁN E CAMIÑO EN VILADESUSO, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 (COAG), cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 59.420,92 €.

Consta o proxecto da obra ACTUACIÓN NA PARROQUIA DE COSPINDO: RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PASEO FLUVIAL E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO BRIALLO, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 (COAG), cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 67.597,98 €.

Consta o proxecto da obra MELLORA DA CAPA DE RODADURA DOS CAMIÑOS DESDE A BUGALLEIRA ATA O RIEIRO, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897 (COAG), cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 75.376,21 €.

Figura no expediente a seguinte documentación:

- Informes técnicos dos investimentos asinados polo arquitecto técnico municipal.
- Informes de Secretaría sobre a dispoñibilidade dos terreos.
- Memorias económicas asinadas pola Alcaldía.
- Informes de Intervención.
- Resolución da Alcaldía número 610/2025, de 23 de xullo, de non división en lotes.

En relación coa actuación na parroquia de Cospindo: RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO BRIALLO, ademais figura no expediente:

- Informe Secretaría en relación co ciclo da auga.
- Informe Intervención en relación co ciclo da auga.

Por todo o anterior, PROPOÑO ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2025 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	0 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibiles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibiles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €

Investimentos financeiramente sostibiles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE XORNES: CAMIÑO EN FROXÁN E CAMIÑO EN VILADESUSO	59.420,92 €	0 €	0 €	0 €	59.420,92 €
ACTUACIÓNES NA PARROQUIA DE COSPINDO: RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PASEO FLUVIAL E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO BRIALLO	67.597,98 €	0 €	0 €	0 €	67.597,98 €
MELLORA DA CAPA DE RODADURA DOS CAMIÑOS DESDE A BUGALLEIRA ATA O RIEIRO	75.376,21 €	0 €	0 €	0 €	75.376,21 €
TOTAL	202.395,11 €	0 €	0 €	0 €	202.395,11 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	0 €				0 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	202.395,11 €	0 €	0 €	0 €	202.395,11 €
TOTAL	202.395,11 €	0 €	0 €	0 €	202.395,11 €

2.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ponteceso, 29 de xullo de 2025/ O alcalde/ (Asinado dixitalmente)/ José Manuel Mato Martínez”



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 1 de agosto de 2025

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por unanimidade de votos a favor (trece: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.5 Expediente 2025/G006/000062. Expediente de Modificación 16/2025 mediante Suplemento de crédito 2/2025

A secretaria dá conta do contido do ditame.

“EXPTE:2025/T002/000016

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2024 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 551.270,07 €.

Visto que en dita liquidación obtívose un superávit orzamentario positivo por importe de 519.951,47 €.

Visto que a data actual a entidade local conta con endebedamento público pendente por importe de 176.673,92 €.

Tendo en conta o anterior, esta Entidade Local está dentro do ámbito de aplicación do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; dispoñendo dito artigo que o superávit orzamentario, segundo criterios de contabilidade nacional, debe destinarse á amortización de débeda financeira.

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 16/2025 por suplemento de crédito 02/2025, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 28/07/2025 propónse



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 16/2025 suplemento de crédito 02/25 , por importe de 176.673,92 € financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN	Proxecto de Gasto	DENOMINACIÓN	IMPORTE
011.91300		Débeda pública/amortización de préstamos a l/p de entes fora do sector público	176.673,92 €
TOTAL			176.673,92 €

INGRESOS.-

87000	176.673,92	Remanente de Tesourería para gastos xerais
-------	-------------------	---

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

En Ponteceso, O Alcalde / Jose Manuel Mato Martínez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 1 de agosto de 2025

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por once votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.6. Expediente 2025/G006/000063. Corrección acordo plenario de CESIÓN PARCELA MUNICIPAL, DOMINIO PÚBLICO, SERVIZO PÚBLICO, DENOMINADA "Punto Limpo Pol. Ind de Tella"

A secretaria dá conta do contido di ditame

“PROPOSTA DE ACORDO

CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE CESIÓN DE USO DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS

A sociedade SOGAMA, empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, sendo unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral, solicita licenza de obras e de actividade para

“Ampliación dunha Planta de Transferencia de Residuos Sólidos Urbanos” que se pretende ubicar no Parque Empresarial de Tella, onde hoxe está o Punto Limpo do Pol. Industrial de Tella, e a cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 1INM06800031, denominada “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m², na cal existe unha superficie construída de 345 m², valor catastral de 18.866,70 € en 2019, adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”.

Pola providencia da alcaldía de data 23-02-2023 iniciouse o expediente de cesión, emitindo na mesma data o informe de secretaría sobre o procedemento a seguir, ao cal será de aplicación o artigo 110 do Regulamento de Bens, o cal se aplica por analoxía, ao non existir procedemento establecido no dito Regulamento para a cesión de bens demaniais.

O expediente a instruír deberá cumprir os requisitos esixidos no art. 110 RB:

- Que xustifique a necesidade e oportunidade.
- Que incorpore informes técnicos xustificativos do súa cualificación e usos acordados co PXOM vixente, nota rexistral (de estar rexistrado) e inscrición no Inventario Municipal, xustificativos de que o ben está depurado física e xuridicamente.
- Que se someta á información pública polo prazo non inferior a quince días.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- Que inclúa un borrador de convenio que se aprobe polo Pleno, con maioría cualificada, e que faculte ao Alcalde á súa sinatura.
- Que se remita o acordo á Administración que recibe o ben, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, dependente da Xunta de Galicia.
- Que se asine o convenio polas dúas partes e se redacte acta de entrega e aceptación do ben.
- Que se inscriba no rexistro da propiedade e se publique nos correspondentes portais de transparencia.

O convenio de cesión gratuita extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen suscitarse na súa aplicación estarase aos principios de Dereito Administrativo, así como, en defecto dos anteriores, aos xerais do dereito común.

Para o non previsto no Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento. Para a resolución de calquera cuestións litixiosas que se orixinen en relación co Convenio, e que non puidesen resolverse de forma amigable no seo da Comisión na que estarán representadas as Partes. As Partes someteranse á competencia dos tribunais contencioso-administrativos da Coruña.

O convenio foi aprobado por acordo plenario do 27.03.2023 e foi subscrito o 29.03.2025

Advertindo unha posíble discordancia entre o texto do acordo plenario e o convenio firmado, procédese a unha corrección do erro material no texto do acordo na súa parte dispositiva, punto segundo de conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015.

Por todo o anterior, elevo a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro .- Corrixir o punto segundo do acordo plenario do 27.03.2023 sendo a súa redacción correcta a seguinte:

“ Autorizar a transmisión da titularidade a Sogama do ben “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m2, na cal existe unha superficie construída de 345 m2, valor catastral de 18.866,70 € en 2019 , adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”, o cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 1INM06800031” e reflectir no Inventario Municipal a dita transmisión. **De conformidade co texto do convenio a titularidade punto limpo seguirá sendo de titularidade e competencia municipal”**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Segundo. Comunicar aos departamentos afectados.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 1 de agosto de 2025

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por once votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, e1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1de APIN-ESCO).

2 Parte de control e de fiscalización

2.1 Dación de conta das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 453/2025 do4 de xuño á núm. 633/2025 do 31 de xullo

Os concelleiros dasen por enterados.

2.7 Mocións non resolutivas

2.7.1 Moción presentada polo grupo municipal do Apin para solicitude de CESIÓN dos espazos da praia de Balarés

O voceiro de APIN-ESCO dá conta do contido da moción:

“MOCIÓN DE APIN-ESCO AO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO

José Manuel Pose Verdes, concelleiro de Apin -Esco no Concello de Ponteceso presenta ao Pleno ,para o seu debate e aprobación , a seguinte moción:

A Praia de Balarés é un lugar excepcional na nasa costa, moi utilizada polos vecinos e veciñas , así como polos visitantes doutros lugares .

Neste espazo, a Deputación Provincial de A Coruña é propietaria de varios terreas e edificacións (piñeiral,cafetaría ,baños, aparcamentos)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Para o mellar aproveitamento destas propiedades Apin-Esco

PROPÓN

Que o Pleno do Concello de Ponteceso solicite a CESION destes espazos e se asigne un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello para a xestión integral dos mesmos o que redundará nun mellor servizo á cidadanía deste Concello

Ponteceso ,30 de xullo de 2025/ Asdo. José Manuel Pose Verdes”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:
03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

Non houbo máis debate.

O Pleno acorda deixar sobre a mesa a asunto para tratar nunha Comisión informativa de transparencia por unanimidade de votos a favor.

2.7.2 Mocións de urxencia

2.7.2.1 Moción de AxP para iniciar o procedemento para declarar o Concello de Ponteceso como zona afectada gravemente por unha emerxencia de Protección Civil

O voceiro de AxP pide un receso para explicar a urxencia dunha moción que quere presentar e que non puido presentala en prazo pola situación excepción provocada polos incendios forestais.

O voceiro de AxP dá conta do contido da moción.

“MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL ADIANTE POR PONTECESO (AXP), PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO INICIE O PROCEDIMENTO PARA DECLARAR O CONCELLO DE PONTECESO COMO ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POR UNHA EMERXENCIA DE PROTECCIÓN CIVIL

O Grupo Municipal Adiante por Ponteceso (AXP), conforme o previsto no artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso, desexa elevar a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Primeiro: Adiante por Ponteceso considera que os danos materiais derivado dos graves incendios que está a sufrir o Concello de Ponteceso, perturba gravemente as condicións de vida das poboacións afectadas que afecta a unha área xeográfica determinada que produciu a paralización de servizos públicos esenciais.

Segundo: Este procedemento de declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil é aplicable entre outras medidas para prestar:

- 1- Axudas económicas a particulares por danos en vivenda habitual
- 2- Compensación a Corporacións Locais por gastos derivados de actuacións inaprazables.
3. Axudas a persoas físicas ou xurídicas que levasen a cabo prestación persoal ou de bens
4. Subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial
5. Axudas por danos en producións agrícolas, gandeiras, forestais e de acuicultura mariña.
6. Aperturas de línesa de préstamos subvencionadas polo Instituto de Crédito Oficial
7. Medidas fiscais e medidas laborais e de Seguridade Social

Terceiro: Consideramos que a situación vivida polo noso concello podría estar encadrada dentro da definición de emerxencia de protección civil ou incluso na definición de “catástrofe” prevista no artigo 2.6 da LEI 17/2015. Do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil dado que: “ É unha situación ou acontecemento que altera ou interrompe substancialmente o funcionamento dunha comunidade ou sociedade por ocasionar gran cantidade de vítimas, danos e impactos materiais, cuxa atención supera os medios dispoñibles da propia comunidade”

A modo de exemplo de ilustrar a devandita acción foi que o goberno do estado desprazou e mobilizou unidades do quinto Batallón de intervención en Emerxencias da U.M.E dende a súa base na provincia de León.

Cuarto: Adiante por Ponteceso considera que a situación vivida cumpre os requisitos de emerxencia necesaria para a declaración como mínimo de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil dado que a Xunta de Galicia activou a situación 2 do plan de protección civil da Comunidade Autónoma.

É por iso, que o Grupo municipal Adiante por Ponteceso (AXP) somete ao pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

QUE O PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO SOLICITE CON CARÁCTER URGENTE AO MINISTERIO DE INTERIOR, MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA, MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, JUSTICIA Y RELACIONES CON LAS CORTES, MINISTERIO DE HACIENDA, , MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN E, NO SEU CASO, OS TITULARES DOS DEMÁIS MINISTERIOS CONCERNIDOS, PARA QUE SOLICITEN AO CONSELLO DE MINISTROS A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO COMO ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POR UNHA EMERXENCIA DE PROTECCIÓN CIVIL



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

En Ponteceso a 6/8/2025/ Asinado: Roberto Alexandre Andrade de Santiago/Voceiro de Adiante por Ponteceso (AXP)”

O presidente explica que se podería votar a urxencia dada a situación excepcional que afecta ao concello, tal e como se recolle no Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:
03d752d8b2ed489a1a44c0c82035cd402c10de68c6206a292733e70c03155508

O presidente somete a urxencia a votación.

O Concello Pleno aproba a urxencia por unanimidade de votos a favor.

O Concello Pleno aproba a moción por unanimidade de votos a favor (trece: 4 do PP, 4 do PSOE, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

2.8 Pregos e preguntas

Non hai nin pregos nin preguntas.

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 20:43 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.